

A Consellería de Cultura acudirá ás feiras do libro de Madrid e Frankfurt

La Voz

REDACCIÓN | A Consellería de Cultura acudirá ás feiras internacionais do libro que se celebran en Madrid e en Frankfurt (Alemaña) en outubro. En ambas as feiras a Consellería compartirá expositor coa Asociación Galega de Editores. A cita madrileña será entre os días 7 e o 9 e ten a Rusia como país invitado. A delegación galega estará composta por 24 editoriais que estarán acompañadas polo director xeral de Promoción da Cultura, Francisco López Rodríguez. Os relatores invitados por Cultura son Luisa Castro, Carlos G. Reigosa, María Canosa e Xosé Carlos Caneiro, que participarán nunha mesa redonda nos actos da feira.

A feira de Frankfurt terá lugar entre o 14 e o 18 de outubro e o país invitado desta edición é China. Ao evento asistirán como relatores invitados os escritores Marina Mayoral, Vicente Araguas e Alfredo Conde, que participarán o próximo día 16 nunha mesa redonda que xirará arredor do tema da proxección da literatura galega no exterior.